

AUDIOVISUAL	O VALOR DOS RESIDUOS
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Valorar os residuos como novas materias prima • Recoñecer o problema da xeración desmedida de residuos nas sociedades desenvolvida • Coñecer medidas de redución e reutilización de bens de consumo • Aprender a utilizar correctamente os colectores da cidade. • Coñecer o noso Plan de Residuos municipal.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Os residuos na nosa casa. • Os diferentes colectores da nosa cidade. • A redución e a reutilización dos bens de consumo. • Como encaixa todo no Plan de RU municipal.
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Charla-coloquio apoiada dunha proxección audiovisual. Para fomentar o interese e participación incorporaranse animacións en flash acerca dos residuos e o seu tratamento en diferentes contextos históricos e actuais. Para os máis pequenos, contarase cunha presentación a xeito de conto sobre uns residuos e os seus sonos de ser aproveitados e reciclados.
Recursos necesarios	Aula, pantalla de proxección, ordenador portátil, proxector.
AUDIOVISUAL	OS RESIDUOS URBANOS NA CORUÑA
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer o contido e obxectivos do Plan de Xestión de Residuos da Coruña. • Promover a correcta separación en orixe dos residuos. • Coñecer o estado do antigo vertedoiro da Coruña.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> • A xestión de residuos na cidade: transporte, tratamento, reciclaxe, puntos limpos... • A Planta de Tratamento Residuos de Nostrián. • A recuperación dun vertedoiro: o Parque de Bens.
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Proxección audiovisual interactiva na que os participantes, a través do seu contido e aplicacións, coñecerán o destino e tratamento que se lle dá aos seus residuos domiciliarios no plan municipal.
Recursos necesarios	Aula, pantalla de proxección, ordenador portátil, proxector LDC
TALLER	OUTRA VIDA AOS RESIDUOS
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Diferenciar os tipos de materiais que conforman os envases. • Descubrir as materias primas das que proceden os envases. • Separar correctamente os residuos na casa e no colexio. • Concienciar da separación en orixe de residuos. • Coñecer os tipos de colectores que hai na cidade e como deben ser utilizados. • Fomentar o uso da imaxinación para aproveitar os residuos.
Contidos	A separación dos residuos.

	As materias primas e os procesos de elaboración de envases. Aproveitamento dos residuos: reutilización e reciclaxe.
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Empregaranse envases e outro material de refugallo para elaborar xoguetes ou aproveitados dándolle un uso diferente.
Recursos necesarios	Residuos urbanos reais, tesoiras, cores, adhesivo. Modelos de xoguetes.
TALLER	SEPARA E GAÑA
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer os tipos de colectores que hai na cidade. • Separar correctamente os residuos na casa e no colexio. • Participar activamente no xogo educativo. • Concienciar da separación en orixe de residuos.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Os residuos que xeramos na casa e no colexio. • Os colectores da nosa cidade. • A separación en orixe dos residuos.
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Contaremos con tarxetas de preguntas e respostas acerca do Plan de Residuos. Con esta dinámica, un alumno/a formula unha pregunta á aula e outro/a debe ter a resposta entre as súas tarxetas. Quen teña a resposta correcta debe botar un residuo ao colector axeitado. Entre os residuos máis comúns, encóntanse tamén outros con maior dificultade á hora de ser desbotados, como unha caixa de galletas de distintos materiais. Aproveítase para falar dos envases máis ecolóxicos e do noso modo de consumir.
Recursos necesarios	Tarxetas, diferentes residuos, colectores simulados, fichas de conclusións.
TALLER	O DESTINO DOS RESIDUOS
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer cales son as súas dúbidas acerca do plan de residuos coruñés, a partir das súas enquisas. • Concienciar da separación en orixe de residuos. • Participar en tarefas de redución, reutilización e reciclaxe de residuos da escola para contribuír á conservación e mellora do medio natural. • Reflexionar sobre as posibles solucións e actuacións coherentes para a conservación do medio natural ante a produción de residuos.
Contidos	Os residuos que xeramos na casa e no colexio. Os colectores da nosa cidade. A separación en orixe dos residuos.
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Os participantes recibirán nos días previos á actividade unha enquisa individual que deberán cubrir para a xornada presencial na aula. Nesta haberá cuestións acerca de: - Colectores - Instalacións municipais relacionadas cos residuos (Planta de Nostián e Puntos Limpos) - Xeración total e porcentaxes de residuos de distinta natureza nos nosos domicilios

	<p>- Separación selectiva - Destinos finais e aproveitamentos futuros dos residuos</p> <p>Xa na xornada na aula, reflexionárase acerca das diferentes respostas e proxectaranse vídeos sobre as consecuencias reais do consumo excesivo das sociedades desenvolvidas. Mostráranse tamén as solucións locais propostas a cada situación relacionada cos residuos.</p>
Recursos necesarios	Proxector, ordenador, cuestionario.
VISITA	PLANTA DE TRATAMIENTO DE RESIDUOS DE NOSTIÁN
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer o contido e obxectivos do Plan de tratamento de residuos da Coruña. • Coñecer os diferentes procesos aos que son sometidos os residuos na Planta de Tratamento de Residuos de Nostián. • Analizar e valorar a produción de residuos e o seu tratamento. • Recoñecer o impacto ambiental do proceso produtivo.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Percorrido polas diferentes fases de tratamento dos residuos. • Traballo da elaboración de compost a partir de residuos orgánicos. • Clasificación da fracción inorgánica para a súa reciclaxe. • Un subproduto dos residuos: aproveitamento enerxético dos residuos.
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Visita guiada á planta de Nostián. Os participantes descubrirán todas as fases de tratamento dos residuos na Coruña, dende a obtención de compost, clasificación de inorgánicos, obtención de enerxía eléctrica...
Recursos necesarios	Aula educativa de educación ambiental, dotada de ordenador portátil, proxector e presentación, e Planta de Tratamento de Residuos de Nostián.
VISITA	O PUNTO LIMPO
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar os diferentes tipos de residuos que producimos. • Recoñecer os "outros residuos": os que non depositamos nos colectores das rúas. • Coñecer o funcionamento e o obxectivo da instalación. • Fomentar o uso responsable e o correcto depósito dos residuos nos Puntos Limpos. • Reflexionar sobre as posibles solucións e actuacións coherentes para a conservación do medio natural ante a produción de residuos.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Visita guiada pola instalación: Distintos colectores e funcionamento da planta. • Os residuos tóxicos e perigosos. • Os residuos voluminosos. • A importancia dos Puntos Limpos
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Percorrido polas instalacións do punto limpo (de Eirís ou Os Rosales). Por qué depositamos aquí estes residuos e non nos colectores das rúas? Na visita identifícanse os distintos depósitos, colectores e o destino final dos residuos.
Recursos necesarios	Punto limpo (Eirís ou Os Rosales). Fichas explicativas

	de cada tipo de residuos. Residuos para depositar nos colectores.
VISITA	O PARQUE DE BENS
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer a situación do antigo vertedoiro de Bens e os labores desenvolvidos para o seu selado e recuperación do ámbito. • Coñecer o funcionamento e finalidade da Planta de Coxeración de Bens: o aproveitamento enerxético.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Visita guiada á Planta de Coxeración de Bens. • Percorrido polo parque de Bens: selado e novos aproveitamentos cívicos. • Recuperación do antigo vertedoiro da Coruña. • O aproveitamento enerxético dos residuos.
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Visita guiada polo ámbito do antigo vertedoiro da Coruña con diferentes paradas interpretativas sobre os labores de selado e recuperación do ámbito. Para finalizar visítase a Planta de Coxeración de Bens.
Recursos necesarios	Antigo vertedoiro e instalacións da planta de coxeración de Bens